



INSTITUTO GALEGO
DA VIVENDA E SOLO



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- [Novas](#)
- [Galería de imaxes](#)
- [Subscrición](#)
- [Glosario de termos](#)

•
•
• [SALA DE COMUNICACIÓN](#)

Estás en ... [Inicio](#) » [Sala de Comunicacion](#) » [Detalle dunha nova](#)

Buscar...



[+]

Opcións

MEDIO AMBIENTE REMITE AO CONCELLO DE VIGO O INFORME DE ALEGACIÓNS Á MODIFICACIÓN DO PLAN PARCIAL DE SAN PAIO DE NAVIA

- Agora corresponde ao concello a aprobación definitiva do plan parcial, tras o cal a Xunta rematará a adquisición do solo necesario para a urbanización que permitirá a construción de preto de 1.600 vivendas protexidas
- A Xunta é propietaria do 50 por cento deste ámbito despois de mobilizar un total de 10 millóns de euros á compra de terreos
- O Instituto Galego de Vivenda e Solo xa licitou o pasado mes de novembro os traballos de redacción do proxecto de urbanización

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2019-. A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda vén de remitir ao Concello de Vigo o informe das alegacións recibidas á modificación do plan parcial de San Paio de Navia, xunto co resto da documentación correspondente. Con este trámite avánzase no proceso que levará ao concello á aprobación definitiva da modificación do plan parcial polo que se rexerá a ampliación do solo residencial de San Paio de Navia por parte da Xunta.

A modificación do devandito plan foi aprobada inicialmente polo Concello de Vigo o 26 de xaneiro de 2018 e ten como obxectivo posibilitar a urbanización por parte do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) de 265.000 metros cadrados, o que permitirá a construción de case 1.600 vivendas protexidas. Cómpre precisar que algunhas das alegacións recibidas, entre elas a solicitude da construción dun colexio, non encaixan nin son o obxecto da modificación do plan parcial coa que se pretende planificar solo residencial nesta zona, polo que non poden regularse a través deste instrumento.

Paralelamente á tramitación do plan parcial, a entidade dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda continuou traballando na adquisición do solo que será obxecto de urbanización. Concretamente, o IGVS destinou 10 millóns de euros á adquisición de 50.000 metros cadrados de terreos, co que se converteu en propietario de arredor de 130.000 metros cadrados, aproximadamente o 50 por cento do ámbito.

Por outra parte, unha vez aprobado inicialmente o plan parcial, realizouse unha oferta pública de permuta de solo por edificabilidade e unha vez aprobado definitivamente o plan e rematada a fase de permuta, procederase á expropiación dos terreos do primeiro polígono que non foran adquiridos en compravenda ou permuta.

Así mesmo, o pasado 26 de novembro licitouse o contrato para a redacción do proxecto de urbanización, que actualmente se atopa en proceso de adxudicación, por un importe de 263.780 euros.

Para a ampliación do solo residencial de San Paio de Navia, o Instituto Galego de Vivenda e Solo ten reservada nos orzamentos de 2019 unha partida de 6 millóns de euros que permitirán culminar a adquisición de solo e avanzar na súa urbanización.